Exercicios de apoio sobre a unidade 3. Trazos económicos, sociais e políticos do Antigo Réxime (unidade 3)

1. Completa a seguintes frases co concepto axeitado

1.1. A economía do Antigo Réxime era _____ e a maioría das terras estaban _____, polo que non se podían mercar nin vender.

1.2. Eran titulares de señoríos _____, _____ e _____ sobre as que exercían _____e das que recibían _____

1.3. Para asegurar o mantemento do culto e do clero a Igrexa esixía que os _____pagasen o _____que era a décima parte da _____

1.4. En Galicia os _____ de terras duraban _____ xeracións e se denominaba _____

1.5. A única industria moderna foi a _____ de _____porque non estaba dirixida por _____, con capital e _____ concentrados

1.6. A sociedade do Antigo Réxime era _____ e estaba definida pola _____ xurídica e _____ social

1.7. A Inquisición era un tribunal _____ que perseguía aos disidentes e tiña xurisdicción sobre todos os _____

1.8. O nobre non _____ e vivía das _____

1.9. A Nova Planta aboliu as Cortes da Coroa de _____ integrándoas nas de _____que se converteron nas _____

1.10. Un déspota ilustrado debía _____en favor do seu _____pero sen contar con el porque era _____

1.11. As preocupacións básicas dos ilustrados españois eran a _____e a cuestión _____

1.12. As industrias que promoveron os primeiros Borbóns foron as _____ subvencionadas polo _____ para frear as _____de produtos de luxo.

1.13. En Galicia neste século incrementáronse as industrias de _____e de _____

1.14. O ferro traballábase en tres tipos de establecementos: as _____, os mazos ou _____ e as _____

1.15. Sargadelos foi un _____ destinado á _____de ferro de carácter _____

2. Comenta como é representado o rei e a súa familia no cadro de Jean Ranc. Px. 8 da unidade

A familia de Filipe V. Jean Ranc. 1722

3. Elabora unha frase que teña coherencia expresiva cos seguintes conceptos:

3.1. Morgado- Señorío- Nobreza

3.2. Comercio- Monopolio- América

3.3. Lei- Terceiro Estado- Privilexios

3.4. Absolutismo monárquico- Súbditos- Razón

3.5. Industria familiar doméstica- Liño- Feiras

Solucións:

1. Completa a seguintes frases co concepto axeitado

1.1. A economía do Antigo Réxime era **RURAL** e a maioría das terras estaban **AMORTIZADAS**, polo que non se podían mercar nin vender.

1.2. Eran titulares de señoríos a **COROA**, a **NOBREZA** e a **IGREXA** sobre as que exercían **XURISDICCIÓN** e das que recibían **RENDAS**

1.3. Para asegurar o mantemento do culto e do clero a Igrexa esixía que os **CAMPESIÑOS** pagasen o **DÉCIMO** que era a décima parte da **COLLEITA**

1.4. En Galicia os **ARRENDAMENTOS** de terras duraban **TRES** xeracións e se denominaba **FORO**

1.5. A única industria moderna foi a **TÉXTIL** de **CATALUÑA** porque non estaba dirixida por **GREMIOS,** con capital e **TRABALLO** concentrados.

1.6. A sociedade do Antigo Réxime era **ESTAMENTAL** e estaba definida pola DESIGUALDADE xurídica e o **INMOBILISMO** social.

1.7. A Inquisición era un tribunal **POLÍTICO-RELIXIOSO** que perseguía aos disidentes e tiña xurisdicción sobre todos os **TERRITORIOS**

1.8. O nobre non **TRABALLABA** e vivía das **RENDAS**

1.9. A Nova Planta aboliu as Cortes da Coroa de **ARAGÓN** integrándoas nas de **CASTELA** que se converteron nas **CORTES DE ESPAÑA**

1.10. Un déspota ilustrado debía **REINAR** en favor do seu **POBO** pero sen contar con el porque era **IGNORANTE**

1.11. As preocupacións básicas dos ilustrados españois eran a **EDUCACIÓN** e a cuestión **ECONÓMICA**

1.12. As industrias que promoveron os primeiros Borbóns foron as **MANUFACTURAS REAIS** subvencionadas polo **ESTADO** para frear as **IMPORTACIÓNS** de produtos de luxo.

1.13. En Galicia neste século incrementáronse as industrias de **LIÑO** e **CURTIDOS DE COIRO**

1.14. O ferro traballábase en tres tipos de establecementos: as **FERRERÍAS**, os mazos ou **MARTINETES** e as **FRAGUAS**

1.15. Sargadelos foi un **ALTO FORNO** destinado á **FUNDICIÓN** de ferro de carácter **CIVIL**

2. Comenta como é representado o rei e a súa familia no cadro de Jean Ranc. Px. 8 da unidade

O cadro de Jean Ranc pretende reflectir o poder da monarquía absoluta de Filipe V. Vemos moitos detalles (ambiente grandilocuente, luxo nas roupaxes, etc.) que mostran a riqueza e por tanto, o seu poder, como símbolos dun Estado forte e victorioso.

Por outro lado é unha estampa familiar, unida nun ambiente de harmonía e serenidade, con bos sentimentos (hai nenos, animais...) e pretende reforzar a imaxe dun monarca que é pai e protector da súa familia e por tanto, da unha imaxe de protector de todo o pobo acentuando un paternalismo que é característica inherente ao réxime absolutista. Tamén esa imaxe cortesá e de palacio demostra o afastado que estaba das condicións en que vivían os seus súbditos.

3. Elabora unha frase que teña coherencia expresiva cos seguintes conceptos:

3.1. Morgado- Señorío- Nobreza

O morgado era unha institución que vinculaba a posesión das terras da nobreza ao título nobiliario, de tal xeito que o herdeiro podía administrar os bens pero non podía vendelos nin transmitilos a un alleo.

3.2. Comercio- Monopolio- América

O comercio exterior español se realizaba fundamentalmente con América e a Coroa estimulou a fundación de Compañías comerciais ás que lle concedía o monopolio sobre produtos ou territorios americanos.

3.3. Lei- Terceiro Estado- Privilexios

O terceiro estado era un estamento formado pola maioría das persoas, que non gozaban de privilexios, pagaban todos os impostos e estaban sometidos á lei común

3.4. Absolutismo monárquico- Súbditos- Razón

Os monarcas Borbóns pensaban que o poder supremo residía no rei e defendían o absolutismo monárquico que consistía en tratar de mellorar as condicións de vida dos seus súbditos e gobernar en favor do seu pobo a partir da razón.

3.5. Industria familiar doméstica- Liño- Feiras

En Galicia os campesiños obtiñan ingresos suplementarios mediante a industria familiar doméstica do liño galego que se comercializaba despois nas feiras locais a cargo do propio produtor.